

APORTACIÓN Ó CATÁLOGO DE MYXOMYCETES DE GALICIA, IV.

por
L.CABO REY *

Resumo

Trátase dunha aportación corolóxica con 5 especies de Myxomycetes, recollidas polo autor durante o ano 2001. Son novidade para o Catálogo Galego e, dúas delas, tamén para o da Península Ibérica.

Palabras clave: Myxomycetes, Coroloxía, Galicia, España, Península Ibérica.

Summary

Chorological contribution of 5 Myxomycetes species collected by the autor in Galicia during the year 2001. They are new records for the Galician Catalogue, and 2 of them for the Iberian Peninsula.

Keywords: Myxomycetes, Chorology, Galicia, Spain, Iberian Peninsula.

INTRODUCCIÓN

No ano 2001 poucas veces foron fructíferas as saídas micolóxicas en Galicia para a recollida de Myxomycetes. Impediuno a gran sequía padecida nas tres primeiras estacións do ano e a corta pero excesiva pluviosidade xa empezado o outono, xunto con precoces e persistentes xeadas.

Pese a esta climatoloxía desfavorable, ás numerosas saídas frustradas e consecuentemente o menor número de achádegos, conseguín as especies que se dan a coñecer por consideralas novidade para Galicia, España ou a Península Ibérica.

A análise corolóxica das especies baséase principalmente na recopilación de

LADO (1993) e foron identificadas polas obras de FARR (1976), LADO & PANDO (1997), LISTER (1925), MARTIN & ALEXOPOULUS (1969) e NANNENGA-BREMEKAP (1991).

O material estudiado conservase na micoteca particular do autor (CR).

CATÁLOGO

Arcyria minuta Buchet

Material estudiado: A Coruña, Pobra do Caramiñal, Cabío, sobre *Laurus nobilis*, 29-setembro-2001, L.Cabo Rey.

Esporocarpos en pequenos grupos, de 2-4 elementos, con hipotalo escuro e peridio

* Gómez Ulla, I. E-15701-Santiago

fráxil. Non sobrepasan 3,5 mm de altura e teñen forma cilíndrico-ovoidea.

O pé é lixeiramente estriado, de cor parda, representa arredor dun sexto do total e remata nun cálculo aberto. A base está recheada por quistes globosos, de 10-15 (20) μm de diámetro.

O capilicio tubular, que se ramifica e anastomosa para crear un denso retículo é pouco expandido e de cor rosa asalmonada, permanece unido ás paredes do cálculo; ó microscopio é case incoloro, de 3-6 μm , con crestas e verrugas pouco uniformes e aneis incompletos en disposición helicoidal.

As esporas son rosadas en masa, apenas coloreadas ó microscopio, subglobosas, de 6-8 μm , presentan escasa ornamentación, con pequenas verrugas dispersas e algunha illada de tamaño medio.

Non se observou plasmodio.

Considérase unha primeira cita para Galicia.

Observacións: A cor asalmonada que sinala NANNENGA-BREMEKAP (1991) para esta especie, non fora citada para os achádegos ibéricos (amarela alaranxada ou parda oliva según LADO & PANDO, 1997). Esta circunstancia pode crear confusión con *Arcyria incarnata* ou con *Arcyria denudata*. Sen embargo, a morfoloxía, o tamaño, os caracteres do capilicio e a súa unión ó cálculo bastan para alonxar calquera dúbida.

O micotopo sobre o que se apañou non é común, a pesar de que o loureiro (*Laurus nobilis*) é frecuente en certas zonas costeiras de Galicia e accede ó interior polos vales dos grandes ríos, hai poucas citas de fungos sobre el. Esta limitación non se reduce a mixomicetos (os meus achádegos chegan a 5, incluído este), senón tamén –según experiencia persoal– a ascomicetos e basidiomicetos. Podería considerarse que hai un certo rechazo a implantación de fungos sobre

esta árbore, debido á presenza de certos aceites esenciais; aínda que tamén se pode deber á falta de interese por parte dos micólogos. As exploracións micolóxicas diríxense habitualmente cara a grandes comunidades arbóreas e os posibles exemplares illados de loureiro pasan inadvertidos.

***Diderma deplanatum* Fr.**

Material estudiado: A Coruña, Santiago, Restollal, sobre cortiza de *Eucalyptus globulus*, 20-abril-2001, L.Cabo Rey

Esporocarpos ovales, sésiles, aplanados, de 0,3 mm de alto, 0,5-0,7 mm de ancho e 0,5-1 mm de longo; aínda que son máis frecuentes as formas alongadas (ata 7 mm), tortuosas, con curtas ramificacións (plasmodiocarpos). Ten peridio dobre, o externo grosso, liso, branco e calcificado e o interno, membranoso, agrisado, con algunha iridiscencia sobre todo no interior e unha lingua basal de cor crema alaranxada, que deixa ó descuberto a capa calcificada externa. Presenta dehiscencia irregular con separación espontánea de ambas capas peridiaais. Non ten columela, pero a base é plana, parda e iridiscente.

O capilicio é abundante, arborescente, enmarañado e bastante expansivo, de cor esbrancuxada con luz indirecta; ó microscopio é pardo, con frecuentes incrustacións case negras, de diversos tamaños.

As esporas, pardo-negruxas en masa e por transparencia pardas, teñen a periferia ben delimitada e verrugas de tamaño medio, irregularmente distribuídas.

Plasmodio non observado.

Na Península Ibérica, según LADO (1993: 115) hai dous achádegos para Portugal, un de TORREND (1909) sobre *Arundo donax*, en Pedrouzos (Lisboa) e outro de ALMEIDA & RODRIGUES (1990) sobre *Eucalyptus globulus*, en cultivo.

Considerárase unha primeira cita para Galicia e posiblemente, para España.

Observacións: Macroscopicamente seméllase a *Physarum bitectum*, pero diferénciase ben polo capilicio claro, e a *Diderma effusum*, pero este ten capilicio claro e esporas, tamén claras, con finas verrugas e case lisas.

***Physarum brunneolum* (Pill.) Masec**

Material estudado: Pontevedra, A Guarda, Camposancos, sobre rama de *Eucalyptus globulus*, 11-febreiro-2001, L.Cabo Rey e M.Martínez Campos.

Esporocarpos pedicelados, en grupos floxos. Esporoteca ovoide-piriforme, inicialmente parda alaranxada, logo parda acastañada, de 0,5-0,7 mm. A lonxitude do pé 1-1,3 mm, alcanza entre un tercio e un cuarto da altura, é recto. O peridio é triple, o externo, liso e mate, ó madurar aparece con arrugas irregulares; o medio, grosso, ríxido e branco puro, e o interno, membranoso, transparente o fondo esporal negro.

Hipotalo irregular, de cor parda púrpura, por veces compartido. Exténdese a modo de estrías ou vénulas polo pé, insinuándose ata a base da esporoteca.

A dehiscencia é moi característica, xa que segue as liñas ou estrías que saen do hipotalo, adquirindo unha forma petaloide. O peridio interno mantense íntegro bastante tempo despois da dehiscencia conxunta dos máis externos.

O capilicio está formado por curtos filamentos e nódulos apretados, brancos, grandes e irregulares. Condensase na base da esporoteca formando unha pseudocolumela.

As esporas, negras en masa e pardo púrpura por transparencia, son esféricas, libres, de 9-10 (11) μm , con abundantes e finas espiñas, menos densas nun dos hemisferios.

Primeira cita para Galicia, aínda que é relativamente frecuente na zona mediterránea (LADO, 1993 e comunicación personal).

***Physarum lateritium* (Berk. & Rav.)**

Morgan

Material estudado: Pontevedra, A Guarda, Camposancos, sobre cortiza de rama caída de *Eucalyptus globulus*, 11-febreiro-2001, L.Cabo Rey.

Esporaxios sésiles, esféricos ou subglobosos, illados ou agrupados, neste caso deformados por compresión mútua; con frecuencia plasmodiocarpos curtos, pouco ramificados e case sempre apilados. O diámetro é de 0,3-0,5 mm, como máximo. A base é gris con grumos brancos; a zona media amarela-alaranxada e a superior, grosa, calcificada, afresada ou con sucos de cor vermella-tella, que recubren o delicado peridio.

Hipotalo pardo escuro, non sempre ben delimitado e confundido con restos do plasmodio. A dehiscencia é peridial, irregular, persistindo na base. Non hai columela.

O capilicio é denso, reticular, de finas febríñas translúcidas, con nódulos interpostos, redondeados, brancos, frecuentemente cunha certa tonalidade vermelliza.

Esporas en masa de cor parda achocolatada, por transmisión de luz, parda claras, de 8-9,5 (10) μm con pequenas verrugas ferruxinosas, irregularmente distribuídas.

Plasmodio de cor alaranxada.

Trátase dunha especie pouco frecuente, apañada nas Baleares (LADO & SIQUIER, 1996). É primeira cita para Galicia e posiblemente, para a Península Ibérica.

Observacións: O material recolleuse en fase de plasmodio. Ó tratarse dun robusto faneroplasmodio, aparentemente

próximo a fructificar, cortouse un anaco de rama e levouse o “laboratorio”, onde se colocou en “cámara húmeda” (bomboneira plástica, cun fondo de papel hixiénico humedecido con auga), a temperatura “doméstica” e preto dunha xanela.

Despois de 5 días entra en actividade, abandoa o soporte de madeira, seguramente xa desprovisto de alimento e envía varias ramas polo papel húmido, unha chegou incluso a ascender pola parede da bomboneira, deixando rastros de detritos. Ó cabo de 8 días, ante a búsqueda inútil de nutrientes e ante as tres opcións: morrer de inanición, converterse en esclerocio ou fructificar, optou pola última.

Deste xeito, condénsase en distintos puntos e ós 20 días do achádego, os esporocarpos están maduros e poden ser identificados.

A confusión só é posible con *Physarum rubiginosum*, pero ten esporanxios de ata 1 mm, raramente forma plasmodiocarpos, as esporas son sensiblemente maiores e os nódulos do capilicio, poligonais e totalmente purpúreos. E co, tamén raro, *Willconlangea reticulata* queda descartada polo característico dobre capilicio.

***Trichia affinis* de Bary**

Material estudiado: Lugo, Portomarín, sobre madeira de *Castanea sativa*, 24-junio-2001, L.Cabo Rey

Esporanxios sésiles, globosos, amarelos, de 0,5-0,7 mm, dispostos nun conxunto amplo e apretado. Peridio delgado, persistente na base en forma de cunca, membranoso, amarelado, con dehiscencia irregular.

Hipotalo común, case inconspicuo.

O capilicio é tubular, pouco expansivo, con eláteres simples, de cor amarela clara, de 5 µm de grosor, 4 - 5 espiras,

finas liñas lonxitudinais e ápices agudos, en uña curta, de 7-8 µm.

As esporas son amarelas en masa; máis claras ó microscopio, globosas, de 11-13 µm, contorno discontinuo, de 1 µm de grosor e retículo interior incompleto.

Non se observou plasmodio.

AGRADECEMENTOS

Ó Dr. Carlos Lado sempre amablemente disposto para desvaecer dúbidas, correxir erros e confirmar acertos. Á nosa presidenta, Marisa Castro, inductora de actividades micolóxicas e indispensable conselleira. E, non faltaría máis, ó resto dos membros do Grupo Micolóxico Galego pola axuda e alegre compañeirismo dos que disfruto nas actividades micolóxicas fora dos meus “cotos” (arredores de Santiago).

BIBLIOGRAFÍA

- ALMEIDA, M. G. & RODRIGUES, M. C. 1990. Estudo dos Myxomycetes cortícolas de Portugal - I. *Bol. Soc. Brot., Sér. 2*, 63: 393-395
- FARR, M. L. 1976. *Myxomycetes, Flora Neotropica*. Botanical Garden. New York
- LADO, C. 1993. *Bases Corolóxicas de Flora Micolóxica Ibérica, números 1-305*. Cuadernos de Trabajo de Flora Micolóxica Ibérica, 1. Madrid
- LADO, C. & PANDO, F. 1997. *Flora Micolóxica Ibérica, 2: Myxomycetes, I: Ceratiomyxales, Echinosteliales, Liceales, Trichiales*. Jardín Botánico de Madrid
- LADO, C. & SIQUIER, J. 1996. The Myxomycete biota of the Balearic Islands. Libro de resúmenes II Congreso Internacional de Sistemática y Ecología de Myxomycetes: 92-93. Madrid
- LISTER, A. 1925. *Mycetozoa*. British Museum. London

- MARTIN, G. W. & ALEXOPOULUS, C. J. 1969. *The Myxomycetes*. University Iowa Press
- NANNENGA-BREMEKAP, N. E. 1991. *A Guide to temperate Myxomycetes*. Biopress Ltd. Bristol
- TORREND, C. 1909 [1908]. Catalogue raisonnée des Myxomycètes du Portugal. *Bol. Soc. Portug. Ci. Nat.* 2(1-2): 55-73